

A NOSA TRADICIÓN ORAL 8

A TIRA DE PEL

Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

NOME DO DOCUMENTO: MPG_TrOr_0009_007_en_0_12_50_id677_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_TrOr_0009_007_en_0_12_50_id677.mp3
TIPO DE DOCUMENTO: Etnográfico xeral

MATERIAL DISPOÑIBLE

Audio mp3, transcripción e comentarios

DATA DE RECOLLIDA: 1994-1995

LOCALIZACIÓN:

Lugar: Troáns
Parroquia: Troáns
Concello: Cuntis
Provincia: Pontevedra
País: Galicia

INFORMANTE:

Nome: Guimarey, Guillermo
Idade no momento da recollida: 43 anos
Lugar e data de nacemento: ca. 1951
Profesión: carpinteiro

RECOLLEDORA: Patricia (alumna C.P. Don Aurelio, Cuntis)

COMPILADORES: Duran Vázquez, Luz Dolores; Torres Guerra, José Luís e Vilas Castelo, Ramón (profesores)

COLECCIÓN: A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudo, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

Historia lida, non contada. O interese do texto xustifica a súa inclusión neste arquivo a pesar de non utilizar un xeito de narración natural. Ao tratarse de traballos escolares de recolla, en ocasións, as pezas son escritas previamente na familia para logo ser reproducidas e gravadas.

TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Isabel Vigo Rodríguez

Outra transcripción en: *Escolma: C.Moral-14*. Páx. 14. Realizada por: Costa Pérez, Evelio; Fernández Cerviño, María Xosé e Lamela Villaravid, Carme. Dispoñible para consulta na sede do APOI no Museo do Pobo Galego.

CLASIFICACIÓN: Contos morais e sentenciosos

PALABRAS CHAVE

conto, moral, irmáns

TRANSCRICIÓN



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

[Cando] morreron seus pais, repartiron a herencia. Un decidiu marchar polo mundo adiante. E o seu irmán doulle un consello:

- Non te fíes nin de pedras redondas, nin de cans rabelos, nin de homes con barba roxa.

O irmán non lle fixo caso e marchou. Despois de andar doce leguas encontrouse con un río que estaba cheo de pedras redondas. O home por non dar toda unha volta para pasar pola ponte, pasou polas pedras e... Pún! Aí vai, á auga!

Xa se lle acabaran os cartos e petou nunha porta pa' pedir limosna e saleulle un can rabelo que o mordeu na carne blanda que hai ao acabalo lombo.

Despois foi xunta un home que lle dixo que lle daba traballo cunha condición: que o primeiro que se incomodara que lle habería que quitar unha tira de pel desde a cabeza hasta os pés. O home acetou e o amo mandoulle facer cousas que el non sabía. Mandoulle cerrar un muro de pedras brancas e negras nunha veiga, e mandoulle matar unha paloma branca que ocupara o carro enteiro e non o deixaba ir ó baño. O home xa non aguantaba máis e encabreouse e entonces o amo quitoulle unha tira de pel desde a cabeza hasta os pés.

O home volveu xunto ao seu irmán e contoulle todo. Entonces o irmán marchou para a casa donde lle pasara todo esto; e como púxolle a mesma condición, el acetou e o amo díxolle que o primeiro traballo era:

- Terás que facerme un muro arredor donde teño as ovellas, cunha fila de pedras brancas e outra fila de pedras negras.

As ovellas como eran brancas e negras, matounas e fixo unha fila de ovellas brancas e outra fila de ovellas negras. Cando acabou foi chamalo amo e este cando veu o desastre, santiguouse. O criado díxolle que non se alporizara porque senón tiña que facelo acordado. O amo anduvo buscando a forma de fastidialo ó criado, e entonces díxolle que lle tiña que matar unha paloma branca tan grande coma un carro. Entonces o criado matoulle un cabalo branco que tiña na corte. O amo ó ver que fixera xa non sabía que facer e deixou de mandarlle facer cousas imposibles. O amo díxolle que gardara os porcos, e o criado vendeullos todos a un campesiño exceto os rabos dos porcos e máis un porco enteiro. O criado enterrou os rabos máis o porco deixando solo unha punta de cada un fóra. E o criado foi correndo xunto ó amo e díxolle o que pasaba:

- Amo, amo! Os porcos fundíronse na lama.

O amo tirou polos rabos e solo lle salían os rabos e chegou ó porco e tiroulle, o criado tirou polo rabo e saleulle o porco. Despois o amo mandou ó criado a por dous sachos e o criado vai a casa e dille ás fillas que lle prepararan a mellor comida e que a poñan en dúas mesas. As fillas como non querían, entonces ó criado díxolle pola ventana ó amo:

- Amo, unha ou as dúas? E di o amo:

- As dúas, home, as dúas.

Entonces as fillas creérono, e cando chegou o amo á casa, posto que o criado tardaba moito, encontrouno bailando coas dúas fillas. Entonces enfadouse e o criado quitoulle unha tira de pel ó amo.